

# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO
## Grao en Paisaxe

**Curso Académico: Curso 2018-2019**

| | |
|---|---|
| Universidad | Universidad de A Coruña |
| Centro | Escuela Técnica Superior de Arquitectura |

| | | |
|---|---|---|
| Aprobado por | **Comisión Docente** | Sesión ordinaria de fecha |
| | **Comisión de Calidad** | Sesión ordinaria de fecha |

■ 1. Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
■ 2. Cumprimento do proxecto establecido
    ■ Dimensión 1. A xestión do título
        ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento
        ■ Criterio 2. Información e transparencia
        ■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
    ■ Dimensión 2. Recursos humanos
        ■ Criterio 4. Recursos Humanos
        ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos
    ■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
        ■ Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
        ■ Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
■ Modificacións do plan de estudos
■ Listaxe de evidencias e indicadores
■ Plan de Melloras

| **1. DATOS DA UNIVERSIDADE DO TÍTULO** | |
|---|---|
| Número de Expediente (RUCT) | 2503490 |
| Denominación do título | Grao en Paisaxe |
| Mencións/Especialidades | Graduado o Graduada en Paisaje por la Universidad de A Coruña y la Universidad de Santiago de Compostela |
| Universidade responsable administrativa | UNIVERSIDADE DA CORUÑA |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA |
| Centro responsable | ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA |
| Centro/s onde se imparte | ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA – USC<br>ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA-UDC |
| Nome do responsable do título | Plácido Lizancos Mora |
| Correo electrónico do responsable do título | etsacdir@udc.es |
| Nombre da coordinadora do título | Cristina García Fontán |
| Rama de coñecemento | ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA |
| Número de créditos | 240 |
| Profesión regulada | NON |
| Modalidade de impartición | PRESENCIAL |
| Curso de implantación | 2018-2019 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 06/06/2018 |
| Data renovación acreditación | Non procede |
| Curso académico obxecto de seguimento | 2018.2019 |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**
**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**
Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
O grao interuniversitario en Paisaxe é un novo título de recente implantación e polo tanto mantén a súa vixencia e innovación.
Na actualidade existen graos oficiais de estudos de paisaxismo na práctica totalidade de países europeos, mesmo nalgúns casos desde fai máis dun século, carencia que pretende cubrir esta proposta de estudos de grao.
Esta formación que integra materias e disciplinas moi diversas (proxecto, urbanística, topografía, arquitectura, medio ambiente, botánica, edafología, bioloxía, arte, historia ecoloxía, xeoloxía, hidrología, construción, xeografía, economía, socioloxía, etc.), está a ser obxecto dun proceso de homoxeneización dentro do ámbito da Unión Europea, no que, baixo a denominación de PROXECTO LE-NOTRE, participan máis de cen universidades de todo o mundo.
Neste marco faise evidente a necesidade de que a sociedade forme a profesionais especializados nesta temática para traballar nas empresas e administracións que terán que seguir desenvolvendo estes traballos nos próximos anos, e que ademais se incorporen a outros equipos multidisciplinares para desenvolver os instrumentos de plans urbanísticos e de ordenación do territorio que, cada vez con máis intensidade, demandan maior atención e sensibilidade cara á paisaxe.
Así mesmo, o desenvolvemento da actividade industrial e o seu impacto, tanto na paisaxe como no medioambiente (pensemos no desenvolvemento de certos sectores estratéxicos, as novas tecnoloxías para a xeración de enerxía eólica ou fotovoltaica, ou na piscicultura, por poñer algún exemplo), requiren a achega de especialistas en determinar as condicións de presenza e impacto sobre o medio físico e natural sobre o que se inseren.
A experiencia existente no sistema universitario galego ( SUG), tras varios anos impartindo o título de Mestrado Interuniversitario en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega, reforza esta convicción da necesidade de formar a profesionais específicos nesta materia, que poidan especializarse a través dun título de Grao que permita ter unha visión transversal máis completa.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A oferta e desenvolvemento de módulos, materias e materias efectuouse en todo momento conforme ao indicado no apartado 5 (planificación do ensino) da Memoria oficial verificada, cuxa síntese se achega na táboa 2, consignando mediante cores diferenciais os bloques propedéutico, técnico e proxectual, así como os complementos optativos de último curso e o correspondente traballo fin de grao.

Así mesmo, a docencia de cada materia articulouse en base ao contido das guías docentes, aprobadas e publicadas con antelación ao comezo do curso.
O tamaño dos grupos é reducido dada a matrícula deste primeiro curso e adecúase as necesidades e docencia e a cada unha das actividades formativas.

**GRADUADO EN PAISAJE: 240 ECTS**

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º | 1C | Dibujo del paisaje UDC | Geografía física y humana USC | Fundamentos de la Economía del paisaje USC | Informática aplicada al pasiaje USC | Arte y paisaje UDC |
| | 2C | Geoinformática USC | Técnicas matemáticas UDC/USC | Biología de las plantas USC | Sistemas de Información Geográfica USC | Proyecto del paisaje 1 UDC |
| 2º | 3C | Representación paisaje UDC/USC | Geología y Edafología USC | Vegetación Aplicada al Paisaje 1 USC | Sistemas de Información Geográfica Aplicada USC | Proyecto del paisaje 2 UDC |
| | 4C | Ecología del paisaje USC | Vegetación Aplicada al Paisaje 2 USC | Sistemas forestales USC | Teoría del Paisaje UDC | Proyecto del paisaje 3 UDC |
| 3º | 5C | Ingeniería del paisaje UDC/USC | Construcción aplicada 1 UDC/USC | Paisaje cultural UDC/USC | Proyecto del paisaje 4 UDC | |
| | 6C | Gestión social paisaje USC | Construcción aplicada 2 UDC/USC | Planificación y Sostenibilidad del paisaje UDC | Proyecto del paisaje 5 UDC | |
| 4º | 7C | Ecogeografía USC | Geotecnia y contención UDC | Legislación aplicada UDC/USC | Proyecto del paisaje 6 UDC | |
| | 8C | Optativa UDC/USC | Prácticas externas UDC/USC | Trabajo Fin de Grado UDC/USC | | |

Tabla 1. Estructura do grao
Neste primeiro curso implantáronse 10 materias de 6 ECTS cada unha das que 7 pertencen ó módulo propedéutico 2 ó módulo proxectual e unha ó módulo técnico. Todas se adaptaron ó establecido nas fichas do plan de estudos.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

| |
|---|
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>O grao conta con unha comisión de coordinación interuniversitaria dada a especificidade de grao interuniversitario e a necesidade de coordinar os distintos aspectos que van xurdindo na súa posta en marcha. En dita comisión trátanse os aspectos relacionados coas cuestións docentes e administrativas do grao, xa que en primeiro os alumnos están matriculados na EPS da universidade de Santiago e tamén se imparte docencia na ETSAC da Universidade da Coruña.<br>Na Universidade de Santiago tamén contan con unha Comisión Académica do Grao para a súa implantación e posta en marcha xa que en primeiro e segundo curso os alumnos están matriculados na EPS de Lugo. Dita comisión envía as actas coas distintas decisión á coordinación do grao<br>Existe tamén unha doble coordinación con unha coordinadora nomeada para a UDC e outra pola USC. Entre ambas coordinadoras existe unha comunicación fluida, en momentos case diaria sobre todos os aspectos do grao tanto docentes como administrativos para que todo funcione nun contexto tan complexo e adverso como é establecer relacións interuniversitarias. Isto esixe un voluntarismo moi elevado para que todo saia ben e estaría ben que as administracións académicas se implicasen de igual maneira.<br>Neste primeiro curso os alumnos teñen docencia 3 días á semana na EPS de Lugo e un día na ETSAC na Coruña. Isto implica coordinación das viaxes e desplazamentos dos alumnos. Este curso contratouse un autobús para trasladar os xoves aos alumnos de Lugo á Coruña. Este é un aspecto importante e que require unha especial coordinación para que os alumnos poidan experimentar os dous campus dende o inicio da súa formación e que a entendan dende un primeiro momento como formación conxunta e con presencialidade nos dous campus implicados no grao. |
| **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.<br>• No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>O perfil de ingreso recomendado é o do alumnado que cumpra calquera dos requisitos de acceso á Universidade establecidos no apartado 4.1 da memoria, con formación básica en matemáticas, física, informática, formación humanística especialmente en historia da arte, sistemas de representación espacial e fundamentos de deseño; capacidade para a ideación gráfica, visión espacial e aptitude para a creación artística.<br>Neste primeiro curso este perfil de ingreso é variado na súa orixe non sempre se corresponde co acceso dende o bacharelato. Sendo importanto o número de alumnos que accederon dende formación profesional. Estes alumnos contan con unha base inferior en matemáticas etc. o que implica nalgúns casos un reforzo extra por parte do profesorado nas tutorías para tratar te equilibrar o nivel do alumnado. |

| | 2018-19 |
|---|---|
| Adaptación desde plans en extinción | - |
| Continuación de estudos (traslado) | - |
| Estranxeiros art. 38 da LOE 2/2006 (modificado pola LOMCE) | - |
| Formación Profesional | 7,00 |
| Maiores de 25 anos | - |
| Maiores de 40 anos | - |
| Maiores de 45 anos | - |
| Non aplica | - |
| PAAU | 10,00 |
| Sen asignar | - |
| Titulados | - |
| Validación parcial de estudos estranxeiros | - |
| **Total** | **17,00** |

Táboa 2. Perfil de ingreso

Se temos en conta a nota media de ingreso por preinscripción
Temos que foi de 7.38 e máis dun 80% dos alumnos tiñan como nota de acceso máis de 6.

| | |
|---|---|
| Código | IN06G |
| Nome | **Nota media de acceso por preinscrición** |
| Procedemento de Cálculo | Nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician estudos. Determina o perfil de entrada , informando sobre a nota media de acceso ao título. |

| | 2018-19 |
|---|---|
| Total | 7,38 |




## 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título.

| |
|---|
| Impacto delas nos resultados. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>Neste primeiro curso houbo varios alumnos que procedían de outras titulacións universitarias e solicitaron o recoñecemento de créditos. Fíxose un estudo personalizado de cada un e de cada materia para a súa convalidación. Previa á validación pola correspondente comisión procedeuse a analizar as competencias adquiridas en cada materia e consensualas cos coordinadores de cada materia (nos dous centros) aínda que a convalidación neste primeiro curso correspondía á EPS de Lugo por ser onde os alumnos realizan a matrícula.<br><br>Non é posible ter o impacto real nos resultados xa que este foi o primeiro curso de implantación do título. |

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**
Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A información pública do grao encóntrase na web do grao www.gradopaisaje.es na que se volca a información das dúas universidades e a actualización das guías docentes dos dous centros para unificar a información da titulación. Pola súa banda cada universidade ofrece unha información detallada dende as súas webs de oferta de títulos de grao








español ▾ UNIVERSIDADE DA CORUÑA

comienzo · el estudio · en detalle · acceso y admisión · orientación · resultados

INFORMACIÓN DETALLADA
Qué se aprende
salidas
planificación
plan de estudios
profesorado
movilidad

grado en paisaje

2020/2021 · 240 créditos

qué se aprende

La titulación, con un total de 240 créditos distribuidos en 60 créditos de formación básica, 150 de materias obligatorias, 6 créditos optativos, 6 créditos en prácticas externas obligatorias e 18 créditos en el Trabajo Fin de Grado. La formación integra materias y disciplinas muy diversas: biología, economía, expresión gráfica, geografía, geología, informática, matemáticas y estadística aplicada, composición, proyectos y urbanismo, geomática y topografía, arquitectura, medio ambiente, botánica, edafología, tratamiento vegetal, arte, historia, ecología, análisis del medio, hidrología, construcción e instalaciones, estructuras y sociología. Destacar la importancia de las 6 materias de talleres de aplicación transversal de los conocimientos. La docencia se articula en dos sedes buscando la máxima coherencia académica, por eso se programa la docencia del 1º y 2º curso en la EPS de Enxeñaría (Campus Terra, Lugo) con desplazamientos programados y organizados a la ETSAC (Campus Sostenible, A Coruña).Los cursos de 3º y 4º curso se desarrollan en la ETSAC (Campus Sostenible, A Coruña). Además, se contempla la participación de profesorado del Departamento de Geografía de la USC. Con este objetivo se establece la obligación al estudiantado de matricularse y cursar (aunque no se superen) todas las materias impartidas en la sede da EPS de Enxeñaría (Campus Terra, Lugo) antes de acceder al tercer curso con sede en la ETSAC (Campus Sostenible, A Coruña). No se exige superar la totalidad de las materias, solo cursarlas. Esta exigencia permite articular soluciones concretas (trabajos complementarios, tutorías, correcciones de trabajos realizados, etc) para una vez cursada y en el caso de no tener superada una materia permitir su superación desde el Campus de A Coruña.

Competencias completas del estudio

competencias genéricas

- Conocer el papel de las bellas artes, la historia y las teorías del paisaje, así como las tecnologías y ciencias humanas relacionadas con este. - Conocer los sistemas de información y representación del paisaje. - Conocer la geografía física y humana, el urbanismo y las técnicas aplicadas en el proceso de planificación del paisaje. - Comprender los problemas de la concepción constructiva y estructural vinculados con los proyectos de paisaje así como las técnicas de resolución de estos. - Conocimiento en

competencias específicas

- Conocimiento de los actores, las modalidades de intervención, institucional y los marcos regulatorios: la Ley de Suelo y de los documentos de planificación; mejora del patrimonio y proyecto de desarrollo, etc.. - Capacidad para formular una visión de futuro expresando escenarios de evolución e imaginar diferentes modos de acción sobre el paisaje. - Capacidad para superar las contingencias de una situación, siendo creativos, presentando una propuesta pertinente. - Programación, teniendo en cuenta

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
| --- |
| **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**<br>**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**<br>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título. |
| **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.<br>• No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.<br>• Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.<br>• O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>Neste caso ó ser un título interuniversitario, a recollida de datos e información dase en dous SGC, o da Universidade de Santiago e o da Universidade da Coruña. Neste primeiro curso de implantación os alumnos estaban matriculados na USC polo que as enquisas do alumnado se realizaron alí íntegramente, en canto ás enquisas do profesorado, cada profesor a realizou na súa universidade USC e UDC respectivamente o cal fai complicado unificar os indicadores e os resultados. Sendo este un dos puntos importantes de mellora xa que todos os profesores deberíaen respostar a mesma enquisa.<br>De forma interna foise consultando aos alumnos sobre os aspectos mellorables do grao de forma máis específica e a resposta en xeral foi satisfactoria.<br>Unha vez analizados os datos do SGC da USC e da UDC pódese percibir que marxe de mellora aspectos relativos á organización e posta en marcha do título pero en xeral a opinión é satisfactoria aínda que un pouco por baixo da media de títulos da USC nalgúns ítems. |

| | |
|---|---|
| Código | IN46G |
| Nome | **Satisfacción do alumnado coa docencia recibida** |
| Procedemento de Cálculo | Valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que reciben. |

| | 2018-19 |
|---|---|
| **Total** | **4,29** |




| | |
|---|---|
| Código | IN47G |
| Nome | **Satisfacción do profesorado coa docencia impartida** |
| Procedemento de Cálculo | Valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que imparten. |

| | 2018-19 |
|---|---|
| **Total** | **4,27** |




En canto á participación tamén habería que implicar máis ó profesorado e ao alumnado.
A puntuación da percepción do alumnado e do profesorado prácticamente coinciden sendo a do alumnado de 4.29 sobre 5 e a do profesorado 4.29 sobre 5.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Este é o primeiro ano de implantación do título e non é posible avaliar este ítem.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Un aspecto que reflicte o grao interuniversitario é a necesidade de facer enquisas iguales nas dúas universidades e co mesmo rango de valores na USC traballase sobre base 5 na UDC sobre base 7

Considérase que estes sistemas compóñense de grande cantidade de formularios que os fai pouco operativos e é difícil recoller un número de mostras grande tanto do profesorado como do alumnado que en ambos casos só se puideron obter datos do 30% dos participantes.

| |
|---|
| **DIMENSIÓN 2. RECURSOS** |
| **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**<br>**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**<br>Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación. |
| **4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.** |
| Aspectos a valorar:<br>• O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.<br>• O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.<br>• A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.<br>• Participación do profesorado en programas de mobilidade.<br>• No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>Segundo se reflicte no POD de cada unha das universidades a categoría de profesorado e o seu nivel de cualificación é adecuada para impartir a docencia segundo as previsións recibidas.<br>Neste primeiro curso matriculáronse 17 alumnos polo que o profesorado non manifestou dificultade en atender e desenvolver as actividades docentes co estudantado.<br>Tamén se aportan nas evidencias a formación do profesorado en programas de innovación docente, no caso da UDC xa que non disponemos datos da USC neste senso.<br>Neste primeiro curso non houbo contratación específica de profesorado para o grao e contouse co profesorado adscrito á EPS de Lugo, á facultade de Xeografía de Santiago e á Escola Técnica Superior de arquitectura, implicándose neste primeiro curso 7 áreas distintas de coñecemento de ambas universidades. |

PA05-Anexo02. Información relativa ao persoal académico

**Curso académico**
2018/19

| Categoría académica | Número [b] | [b]/[a]*100 | Créditos impartidos [c] | % de créditos [c]/[d] (IN02-PA05) |
|---|---|---|---|---|
| PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE | 5 | 26 | 16 | 26.6 |
| PROFESOR TITULAR DE ESCOLA UNIVERSITARIA | 2 | 10.4 | 8 | 13.3 |
| PROFESOR AXUDANTE | 0 | | | |
| PROFESOR AXUDANTE DOUTOR | 1 | 5.2 | 6 | 10 |
| PROFESOR CONTRATADO DOUTOR | 8 | 42.10 | 17 | 28.3 |
| PROFESOR COLABORADOR | 0 | 0 | 0 | 0 |
| PROFESOR ASOCIADO | 1 | 5.2 | 3 | 5 |
| CONTRATADOS INTERINOS | 2 | 10.4 | 10 | 16.6 |
| TOTAL | 19 | 100 | 60 | 100 |

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Neste caso contouse con persoal específico da USC por ser o lugar onde se realizaron as matrículas pero no caso da UDC contouse co apoio de todo o PAS adscrito a administración, dirección, bibliotecas, etc. que prestaron os seus servizos a profesores e alumnos do grao en paisaxe de forma entusiasta.
Na memoria do grao non se recollía a necesidade de ampliación deste persoal pero no convenio entre universidades sí se recolle a necesidade da sincronización dos sistemas informáticos e aplicacións tanto de campus virtuais como de secretarías de profesorado etc. Isto non se atendeu convenientemente por parte das vicerreitorías implicadas e supuxo algúns problemas á hora de firma de actas ou accesos do profesorado e do alumnado á plataforma Moodle.
O feito de que as aplicacións informáticas non se actualicen implica un maior traballo do PAS porque teñen que resolverse moitos aspectos de forma manual

**DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

| |
|---|
| **5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.** |
| Aspectos a valorar:<br>• As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …<br>• Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …<br>• Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.<br>• Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.<br>• No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.<br>• Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>• Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>• Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.<br>• Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).<br>• No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>En xeral hai infraestructuras suficientes para o desenvolvemento no grao en ambos centros de impartición.<br>Poderían ser mellorables os entornos dos dous centros en cuestión de accesibilidade e mellora do espazo público.<br><br>Os fondos bibliográficos e documentáis considéranse adecuados en ambas escolas.<br><br>No curso 2018/2019 realizáronse as seguintes xornadas de presentación do grao e xornadas de acollida dos estudiantes en ambas escolas para presentar os servizos académicos de cada universidade. |

## Xornada de portas abertas Grao Paisaxe na EPS de Enxeñería de Lugo

junio 9, 2018




